# SUBSIDIO EXTRAORDINARIO PARA PERSOAS EMPREGADAS DO FOGAR (SEEH)

Terá dereito a o subsidio extraordinario por falta de actividade se, **con anterioridade ao 14 de marzo estaba de alta no Sistema Especial de Empregados do Fogar do Réxime Xeral da Seguridade Social**, e se atopa nalgunha das seguintes situacións:

- Deixou de prestar servizos, total ou parcialmente, con carácter temporal, a fin de reducir o risco de contaxio, por causas alleas á súa vontade, nun ou varios domicilios con motivo da crise sanitaria do COVID-19.
- Extinguiuse o seu contrato de traballo por causas alleas á vontade da persoa traballadora e esta extincion débese á crise sanitaria do COVID-19.

Para iso:

- Se dispón de DNI electrónico, certificado dixital ou usuario cl@ve pode:
  - Presentar a solicitude e achegar a declaración responsable da persoa empregadora (tantas declaracións responsables como empregados teña).
- Se NON dispón de DNI electrónico, certificado dixital ou usuario cl@ve pode:
  - Descargar o formulario de solicitude e o formulario de declaración responsable da persoa empregadora (tantas declaracións responsables como empregados teña).

Nas seguintes ligazóns ten acceso a información sobre instrucións para encher a solicitude e tamén as instrucións para a persoa empregadora:

- Modelo de solicitude SEEH
- Instrucións para a solicitude de SEEH
- Modelo de solicitude dapersoaempregadora
- Instrucións para a persoaempregadora de SEEH

Máis información:
https://sede.sepe.gob.es/contenidosSede/generico.do?pagina=/proce_ciudadanos/subsidios_SEEH.html

Ou contactando coa orientadora laboral no teléfono **687 854 447** en horario de 09:00 a 14:00 horas.